

A configuración profesional dos/as educadores/as sociais na galiza-espanha

Coléxio de Educadores Sociais da Galiza- Laura Cruz López e Sofía Riveiro Olveira

I50510



UNS PRECEDENTES

Dentro do marco internacional que pode ter a educación social da que os galegos e galegas bebemos, entendemos que hai figuras que cruzaron fronteiras. Polo tanto, entendemos que hai personalidades indiscutibles que todos e todas coñecemos, e que aportaron moito a esa concienciación cívica de responsabilidade para velar por unha convivencia pacífica, xa sexa entre comunidades, grupos, familias ou persoas individualmente. Atoparon o sentido “social” á educación ou reivindicaron dereitos antes inexistentes.

Estes son, por exemplo, Pestalozzi, Giner de los Ríos, Dewey, Piaget ou Freire. Algún máis? Algunha muller? Seguro que si.

A HISTORIA DE ES EN GZ

Co devir do tempo, e a inmersión no chamado “Estado de Benestar” (ou é o Benestar para o Estado?), a educación social (ES) en Galiza (GZ) foise moldeando e afincándose como profesión necesaria para acoller a un grande número de profesionais que estaban tendo semellanzas nos seus postos de traballo, en relación ás funcións que exercían ou aos espazos que ocupaban, desde finais do século pasado, con moita perseverancia en tódalas accións que se levaron a cabo.

Foron moitos homes e mulleres, sobre todo, mulleres, quen traballaron para que hoxe teñamos a ES que temos en GZ, pois souberon posicionarse desde unha perspectiva socioeducativa, para darlle resposta a distintas necesidades sociais que foron xurdindo.

Así é que na **década dos 80** a concienciación profesional comeza a plasmarse, asínanse os primeiros convenios que marcan os dereitos e tarefas do/a educador/a social e nacen as primeiras asociacións ao longo de todo o territorio estatal.

En Galicia, é en 1982 cando comeza o proceso de transferencias do Servizos Sociais á Xunta de Galicia (Estatuto de Autonomía 27.23) tanto a nivel de actuacións no sector como do persoal do Estado na Comunidade e en 1983 nace o Colectivo Galego do Menor Inadaptado (antes Colectivo de Centros), para traballar no campo dos/as menores, colexios e casas de familia, así como na formación permanente do/a educador/a.

No ano 1991 créase a Asociación Profesional de Educadores/as Sociais de Galicia (AESG), integrada na Federación Estatal de Asociaciones Profesionales de Educadores/as Sociales (FEAPES) xunto ao resto das asociación do Estado.

As primeiras asociacións de educadoras/es, entre elas a galega, xunto co obxectivo de conseguir regularizar e normalizar a profesión, formulábase tres obxectivos prioritarios:

- 1- Acadar o recoñecemento formativo, mediante o establecemento dunha formación universitaria.
- 2- Acadar o recoñecemento profesional mediante a creación de colexios profesionais.
- 3- Acadar o recoñecemento das educadoras e os educadores sociais que historicamente crearan a profesión.

Foi no inicio dos **anos 90**, cando o Pleno do Consejo de Universidades, decide aprobar as ensinanzas conducentes ao título de Diplomado/a en Educación Social. A xustificación da creación do título de Diplomado/a en Educación Social segundo os informes técnicos, baseábase en:

“necesidades sociais de diverso tipo, nas que a educación e a formación actúe a través de novos canais e medios. As necesidades de educación relacionadas co mundo do ocio, así como que o recoñecemento da formación é unha necesidade durante toda a vida activa dos suxeitos e incluso fora dela, plantexaron a necesidade de considerar o ámbito da educación non formal e fora das institucións escolares, como un campo no que existe unha demanda social de

persoal especificamente formado para elas, que na actualidade non atende a oferta actual de títulos universitarios.”

E estes son os principios que orientaron o Real Decreto 1420/1991, do 30 de Agosto (B.O.E do 10 de outubro) do Ministerio de Educación e Ciencia, aportándolle soporte legal ao traballo anterior e establecendo deste modo, o título universitario oficial de Diplomado/a en Educación Social e as directrices xerais propias dos plans de estudo conducentes á súa obtención.

O mencionado Real Decreto contempla tres ramas específicas que confiren a estrutura propia de dita titulación:

- 1- Educación de Adultos
- 2- Educación especializada
- 3- Animación sociocultural

Así é que no **curso 94/95** comeza a impartirse a Diplomatura nas Facultades de Ciencias da Educación das Universidades de Santiago de Compostela e Vigo (Campus de Ourense) e no 95/96 na Universidade de A Coruña.

Unha vez conseguido o obxectivo da Diplomatura, o asociacionismo deu prioridade a impulsar a creación de colexios profesionais e acadar os procesos de homologación. Con este obxectivo prioritario, AESG decidiu, na súa asemblea xeral do ano 1997, promover a creación do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg) e chega a presentarse a solicitude de creación do Ceesg no Rexistro da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 12 de maio de 1999.

O 18 de outubro de 2000 entrou no Parlamento de Galicia a proposta de Lei de Creación do Ceesg e o 22 de xaneiro de 2001 aprobouse por unanimidade, saíndo publicada no DOG o 1 de febreiro de 2001; o 28 de abril constitúese a Xunta Xestora do Colexio e comeza o período de habilitacións.

Dende o momento da súa creación, o Ceesg foi unha das entidades membros da Asociación Estatal de Educación Social (ASEDES). Nesta Asociación Estatal, constituída en decembro de 2000 e pechada en 2009, integrouse todo o traballo das Asociacións Profesionais que constituían a anterior Federación de Asociacións Profesionais de Educadores Sociais (FEAPES), os Colexios Profesionais e os acordos da Comisión Mixta anterior. Desta forma, creouse unha asociación que permitise a integración e colaboración xurídica de diversos organismos, que coordinase o proceso de creación de colexios e que representase á Educación Social no Estado e ante os organismos internacionais das/os educadoras/es sociais, como a Asociación Internacional de Educadores Sociais (AIEJI) www.aieji.net

A nova situación creada coa aparición dos distintos colexios autonómicos, levou consigo que a Asociación Estatal sentira a necesidade de dotarnos doutro organismo estatal. Do mesmo xeito que se pasou de asociacións a colexios autonómicos, considerouse máis operativo e útil transformar a asociación estatal nun órgano colexiado: o Consejo General de Colegios Profesionales de Educadoras y Educadores Sociales do Estado Español.



É así como no ano 2004 créase unha comisión en Asedes co encargo específico de lograr o Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales. A labor de dita comisión centrouse:

- Por un lado no traballo interno de preparación, da metodoloxía de traspaso asegurando a participación de tódolos colexios e asociacións, e a preparación dos documentos necesarios;
- por outro, no traballo co exterior, é dicir, as actuacións coa administración, para dar os pasos legislativos necesarios co fin de acadar dito Organismo.

A Lei de creación do Consejo General de Colegios de educadoras y Educadores Sociales publícase o día 27 de Decembro do 2006 no BOE número 309. A partires dese momento o Consejo comeza a súa andaina en paralelo e da man de ASEDES ata que desaparece esta última en 2009. En febreiro de 2007, constitúese en Lugo a Comisión Xestora que elabora a proposta de Estatutos Provisionais.

Actualmente, a nivel estatal, existen trece colexios profesionais de Educadores e Educadoras Sociais: Cataluña, Galicia, Baleares, Murcia, País Valenciano, País Vasco, Castela A Mancha, Castela e León, Andalucía, Aragón, Estremadura, Navarra e Madrid, integrados no Cgcees e establece convenios de colaboración coas seguintes Asociacións Profesionais de Educadoras/es Sociais:

- APESPA (Asociación Profesional de Educadores Sociales del Principado de Asturias).
- APESC (Asociación Profesional de Educadores Sociales de Canarias).
- ACAES (Asociación Canaria de Educación Social).
- APES Rioja (Asociación Profesional de Educadores Sociales de La Rioja).

Deste xeito, o Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales, establécese como a peza que culmina a organización dos/as Profesionais da Educación Social no Estado.

É tamén o CGCEES o que promove, coorganiza e cofinancia os Congresos Estatais do Educador/a Social. Ata o día de hoxe organizáronse cinco. Foi en outubro de **2004** cando se celebrou en Santiago de Compostela o *IV Congreso Estatal do Educador/a Social*, precisamente co título de "Retos e Propostas no Século XXI".



UNHA PROPOSTA: O Ceesg

¿Que é o Ceesg? O Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Domicilio

Pódesenos atopar en:

Rúa Lisboa, 20 – baixo 15707 - Santiago de Compostela

981 552206 Fax: 981 938274

Ou na páxina web ceesg.org

Orixe e Obxectivos

Segundo a Lei 1/2001, do 22 de xaneiro, de creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia, o Ceesg é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

A nosa finalidade é estudar aquelas cuestións que afecten ao ámbito profesional, coordina-las actividades colexiais que leven a cabo os/as seus membros, promocionar á profesión mediante actos de formación e comunicación e ordena-lo exercicio da profesión, entendéndose como unha garantía para os sectores sociais aos que diriximos a nosa acción as educadoras/es.

Servizos que prestamos

O Ceesg ofrece ás persoas colexiadas unha ampla rede de servizos que día a día se van mellorando. Este é o caso da Comunicación no Ceesg, cun importante esforzo revertido na nova

páxina web e noutra liña de comunicalas cousas, a través do boletín mensual e da revista monográfica Galeduso.

- Accións formativas
- Asesoramento para o autoemprego
- Asesoramento xurídico
- Avisos on-line
- Biblioteca e Hemeroteca
- Bolsa de emprego
- Descontos e promocións especiais
- e-mail
- Grupos de traballo
- Listaxe de peritos xudiciais
- Páxina web
- Publicacións periódicas

Organización

Tal e como ven recollido nos Estatutos do Ceesg, os órganos básicos esenciais da organización e goberno son:

- a) Xunta Xeral ou Asemblea.
- b) Xunta de Goberno.
 - b1) Plenario da Xunta de Goberno.
 - b2) Xunta Permanente.
- c) A Presidencia.

Quedando para esta lexislatura 2007-2011 conformada deste xeito:

Presidencia: M^a José Fernández Barreiro

Vicepresidencia: Alfonso Tembrás López

Secretaría: Laura Cruz López

Tesourería: M^a Jesús Gutiérrez Candame

Vocais: M^a José Caride Delgado, Duarte Crestar Pena, Alberto Fernández de Sanmamed Santos, Pablo Montero Souto, Sofía Riveiro Olveira, Paloma Seijo Anca e Carlos Varela.

A estrutura das actuacións do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia mantense distribuída en cinco grandes Áreas de Traballo coordinadas polos membros da Xunta Permanente do Ceesg (Presidenta, Vicepresidenta, Secretaria e Tesoureira). (A área de relacións institucionais divídese en relacións autonómicas e relacións estatais).



Membros-destinatarios/as do Ceesg

Conta na actualidade con 1.006 colexiadas/os que participan na vida colexial a través de grupos ou comisións de traballo de maneira voluntaria.


Integrámonos no Ceesg:

- As/Os profesionais que esteamos en posesión do título de diplomada/o universitaria/o en Educación Social.
- Aquelas persoas que consiguisen a súa correspondente habilitación.

A maioría das persoas que se colexian veñen do ámbito da infancia, seguidas daquelas persoas que traballan en saúde (o número maior en drogodependencias), e logo síguenlles aquelas persoas que

traballan con familias ou nos servizos sociais. Este dato non indica que a profesión siga este rumbo, senón que as persoas que se colexian pertencen a estes ámbitos de traballo.

Ámbitos de traballo no momento da colexiación no Ceesg:



Fuente: tese doutoral Laura Cruz (2010)

Obxectivos e principios da Xunta de Goberno 2007-2011:

A Xunta de Goberno elixida en 2007 pretende dar continuidade ás actuacións realizadas polo Colexio durante a anterior lexislatura. Neste senso, definimos unha serie de **principios orientadores**, que rexen o noso traballo:

- **Defensa da profesión.** A nosa profesión atópase con grandes retos como o coñecemento e recoñecemento político e social da profesión, a incorporación a equipos profesionais, o intrusismo, etc. A principal tarefa do Colexio debe recaer na promoción e defensa da nosa profesión en tódolos foros que sexa necesario, para lograr o recoñecemento que as/os Educadoras/es Sociais nos merecemos.
- **Calidade profesional.** Estar é importante. Pero non só debemos estar, senón facer. E con calidade. As/os Educadoras/es Sociais debemos ser as/os primeiras/os críticas/os coas nosas prácticas profesionais para melloralas, responder sen ningunha dúbida os preceptos do noso código deontolóxico e seguir formándonos para ofrecer o mellor servizo ás persoas coas que traballamos.
- **Participación.** A participación de tódalas/os colexiadas/os no Colexio é esencial para “poder facer”. Traballamos en tantos ámbitos de intervención que sen a colaboración de

todas e todos é difícil que se poida chegar a todo; ou sen a información, a experiencia, a colaboración nos Grupos de Traballo, a adhesión a propostas e a propia colexiación das educadoras e educadores sociais.

- **Información.** Unha das nosas preocupacións é que todas/os as/os colexiadas/os saibades qué estamos a facer. Por iso se procura potenciar todas as vías posibles para que a información chegue da forma mais áxil, clara e completa; se comunique.

Desafíos

Os desafíos cos que nos atopamos desde Galiza son:

- Contribuír a conceptualizar a Educación Social, desde unha visión crítica e coa vontade de formar a persoas para a vida e para a convivencia.
- Facer crible e real a nosa profesión. Coñecernos e recoñecernos cando traballemos en equipos interprofesionais e incluso como profesional definido.
- Afirmar a transición entre a formación e o eido laboral, para que non teñamos esas eibas tan importantes no salto ao mundo do traballo. Se acordamos planos de estudo máis reais e prácticos, melloraremos no aspecto máis experiencial da profesión.
- Reivindicar nichos de emprego da educación social. Xa que cada día atopamos posibilidades axeitadas para a nosa profesión.
- Promover a participación social en cada comunidade. E así facer cumprirse o principio de poder prescindir da figura dun/ha educador/a social, pois chegamos a mobilizar e despertar a ese colectivo.
- Situar a educación social na dignificación das persoas. Os problemas sociais hai que trasladalos a unha dimensión macro, para que todo o mundo sexa consciente e responsable da súa eliminación.

A realidade amosa novas estruturas e desafíos para a evolución permanente da seña identitaria da Educación Social en GZ. A construción internacional sobre as bases de unión e solidariedade dos seus colectivos profesionais é unha oportunidade fantástica para novos enriquecementos mutuos. Galicia segue a ser o Finis Terrae xeográfico do vello mundo, pero iso endexamais volverá ser sinónimo de aillamento. Moi ao contrario, estamos ante unha grande ocasión de aportar e recibir máis ca nunca na nosa interrelación cos colectivos profesionais da ES. E ademais, o futuro da nosa profesión soamente ten sentido en harmonía con aquelas que ten darredor.